



sesión vermú “**AS MÚSICA DE JOSÉ GIL**”

CONCERTO HOMENAXE A JOSÉ GIL EN ARBO. Sábado, 20 maio 2023.

Elaborado e dirixido por **Tomás Alonso**
Interpretado pola **Banda de Música de Arbo**

PROGRAMA:

1.- “**Centenario**”. José Iglesias Ramilo, (1956). Pasodobre. Música popular galega que evoca a aldea e a humilde casa onde nace José Gil en Rubiós (As Neves) en 1870, así como os seus inicios na Banda popular da súa patria da infancia, percorrendo festas e romarías do Condado e Paradanta, como as terras de Arbo.

2.- “**La medalla de oro**”. Abertura. Von Suppé (1819-1895). Evoca a súa estadía de mozo durante o esplendor do Balneario de Mondariz, onde toma contacto co mundo exterior e as músicas cultas de todo o planeta. Os seus ollos ábrese para comprender a sociedade contemporánea nos inicios do século XX. Gil é un rapaz de aldea que descubre a modernidade mentres aprende o oficio fotográfico no Balneario.

3.- “**Alborada**” de Pascual Veiga (1842-1906). As atrasadas cidades galegas espertan grazas o ferrocarril. O rexionalismo tamén se insire na música culta e desenvolve a mirada cara nós e as raíces da música galega. Nesta canción evocamos o descubrimento de Galicia polo fotografo Gil en Lugo, Ourense, Vigo, etc. Todas as artes en Galicia intentan modernizarse. Gil comeza a filmar películas coa súa cámara.

4.- “**Autum Leaves**” de Kosma/Prevert. Peter Kleine Schaars
Homenaxe á modernidade viguesa da década dos 1910-1920. Gil vive e trunfa na gran urbe viguesa á que chegan todas as novidades a través do mar: cine, jazz, teléfonos, coches, tranvías, barcos, radio, etc. A música evoca a vida trepidante da cidade olívica. Música cos novos aires de ragtime e jazz procedentes do mundo exterior. Ao tempo, moitas das películas filmadas por Gil en Galicia serán exhibidas nos cinemas de Bos Aires, Habana ou Montevideo.



CINEMÓBIL2 (1929)

5.- “**Minueto No.1 K.1**” Mozart (1756-1791). Coa peza evocamos a afección das fillas de Gil pola música que habitaba na súa feliz casa viguesa da rúa Príncipe, que recende a música. Lembramos aquí o ambiente dunha casa melómana, onde soan o violín e o piano perfectamente afinados por Gil.

6.-“**Balada Galega**”. Juan Montes (1840-1899). Lembramos aquí a morte das súas tres fillas: María, Rosa e Xosefa, aos 18 anos, por tuberculose. As tres visitas da morte enchen a casa de sombra e dor no corazón do cineasta, ata a súa aniquilación persoal e profesional pola perda dos seus “tesouros” como chamaba ás nenas.

7- “**Rapsodia galega**”. Enrique García Rey, (1927-1990). Evocamos a melancolía de José Gil na súa estadia en Pontearreas, mentres segue a vivir na escuridade pola perda das fillas. Aquela tristeza profunda esvaece lentamente porque o cinema axúdao a revivir e erguerse de novo. Será o seu refuxio e o alento para vivir.

8- “**Xeitosiña**”. José Iglesias Ramilo, (1956). A peza describe a resurrección de José Gil en Vigo a través do cinema. Filmar faille esquecer a súa tristura e a vida retorna. Lentamente vai saíndo da negrura na que estaba instalado e dedícase ao cinema con afouteza. Semella que ten gañada a inmortalidade que outorga o cinema.

9- “**Himno galego**”. Pascual Veiga (1842-1906). Escoitado por Gil en numerosos actos ao longo da vida. Representa o amor que Gil sentía pola súa patria a partir do “*cinema rexional Galego*”. A peza recupera a súa memoria no Olimpo da cultura galega.

Twitter: [@josegilcinema](https://twitter.com/josegilcinema) Instagram: [@josegilcinema](https://www.instagram.com/josegilcinema) Facebook.: [@josegilcinema](https://www.facebook.com/josegilcinema)

Youtube: [@josegilcinema](https://www.youtube.com/josegilcinema) TikTok: [@josegilcinema](https://www.tiktok.com/@josegilcinema)

Mastodon: [@mastodon.gal/josegilcinema](https://mastodon.gal/josegilcinema)

www.josegilcinema.gal



CINEMÓBIL3 (2023)